



UN DECRETO OBRIGA A CONVOCALO UNHA VEZ AO ANO

# O PP leva todo o mandato sen reunir a xunta de Árbores Senlleiras

O Goberno bipartito creou este organismo en 2007 co obxectivo de protexer e conservar as formacións vexetais máis singulares de Galicia

**S. DAPENA**  
GALICIA  
sonia.dapena@xornaldeg Galicia.com

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza, dependente da Consellería de Medio Rural, asegura que ten previsto retomar as reunións do Comité de Árbores Senlleiras antes de que remate este ano. Esta xunta non se reuniu en toda o que leva de mandato o PP no Goberno galego, malia que o decreto polo que se creou o organismo, que foi promovido polo bipartito en 2007 para protexer e conservar as formacións vexetais máis singulares de Galicia, contemplaba a obriga de convocar encontros polo menos unha vez ao ano.

Tras as polémicas suscitadas sobre o catálogo das árbores senlleiras, no que se eliminou un prólogo do ex director xeral, a Consellería de Medio Rural informou a Xornal de que o director xeral de Conservación da Natureza, Ricardo García-Borregón, ten previsto convocar o comité "neste último trimestre do ano".

Esta mesa de expertos leva sen reunirse dende que o anterior Goberno saíu de San Caetano malia que o decreto que a regula obriga a manter o contacto anual como mínimo. Medio Rural compromete agora un encontro antes de finalizar 2010, se ben García-Borregón

aínda non manexa unha data fixa para esta convocatoria.

Neste senso, o que fora director xeral de Conservación da Natureza na anterior lexislatura e principal impulsor do catálogo e do Comité de Árbores senlleiras, José Benito Reza, pensa que debe manterse viva a iniciativa. "Hai que seguir co tema, deben seguir reuníndose para valorar as solicitudes que chegan e investigar por iniciativa propia", insta Reza.

## SEIS REUNIÓN EN DOUS ANOS

O ex alto cargo recorda que tamén é importante facer o seguimento periódico das formacións vexetais que xa foron recoñecidas no pasado e que están incluídas na listaxe oficial da Xunta. Non comparte o feito de que en case dous anos non houbera ningún avance respecto ao que el deixou feito, pero reconece o mérito de Medio Rural ao sacar unha liña de axudas para que os propietarios das árbores incluídas poidan coidar delas o mellor posible.

"Creei o comité científico con expertos para revisar as solicitudes unha vez ao ano; de feito na última reunión propuxen darlle un diploma acreditativo e poñer unhas

placas diante das árbores porque era un tema bonito", recorda Reza.

Entre 2007, 2008 e os poucos meses de 2009 que seguiu no cargo, o ex director xeral explica que polo menos realizaron "unhas cinco ou seis reunións" para estudar as propostas de particulares, asociacións e concellos.

Grazas a colaboración de expertos como o profesor da Universida-



Carballeira de Santa Susana, en Santiago de Compostela, que está incluída no catálogo

## PREMIO DA ONG BOSQUES SEN FRONTERAS AOS MELLORES EXEMPLARES

Á marxe dos catálogos oficiais, hai algunhas organizacións ecoloxistas que entre as súas actividades organizan premios e concursos co obxectivo de facer visibles as ameazas que sofren árbores e bosques. De feito, a ONG Bosques sin Fronteras, que organiza coa Fundación Biodiversidad os Premios Árbol Bosque do Ano 2010, mantén aberto o prazo para presentarse ata o venres 15 de outubro no e-mail premios@arbolybosquedelano.org ou no número de fax 91 416 03 43. Segundo explica a propia organización, este peculiar concurso pretende "significar e valorar árbores que, por diversas características, son merecedores dun recoñecemento e respecto social". Ao premio, que inclúe seis categorías -Árbore xigante, Árbore histórica, Árbore lonxeva, Árbore ou bosque coidado,



Un bosque nas ribeiras do Miño recibiu o premio

IAGO VIANA

Árbore ou bosque ameazado e Árbore ou bosque emblemático-poden presentarse particulares, concellos ou asociacións. Os gañadores recibirán unha axuda económica de 2.000 euros para o mantemento da formación vexetal. Nas dúas

edicións anteriores, Galicia quedou gañadora na categoría de Árbol ou Bosque ameazado ao facerse co galardón o Bosque do Pazo de Cascaxide, en Silleda (Pontevedra), e o Bosque da Ferveza, nas ribeiras do río Miño ao seu paso por Lugo.



OLALLA LOJO

de de Santiago, Antonio Rigueiro, a última actualización do catálogo –que fontes da Consellería de Medio Rural aseguran estar repartindo nos últimos días– conta cunhas 200 árbores e 21 formacións.

No entanto, un estudo da USC dirixido polo propio Rigueiro situaba os exemplares máis singulares de Galicia no milleiro, polo que na actualidade, a falta de reunións do Comité a instancias da Xunta, hai arredor dun 90% dos exemplares especiais sen ningún tipo de protección.

A inclusión nesta listaxe, pendente de ser actualizada pola actual Goberno –que agora publica un libro de 2008 impreso polo Executivo anterior–, supón “un seguimento periódico e que non se poida cortar a árbore”. “É unha salvagarda que asegura a vida dese exemplar e garante ao propietario que se nota algo raro a Administración ten que levar a cabo o tratamento”, comenta Reza.

Precisamente á distribución do catálogo un ano e medio máis tarde do previsto e sen o seu prólogo

orixinal escrito polo ex director xeral de Conservación da Natureza, cando estaba no cargo xerou bastante polémica nas últimas semanas. Segundo denunciaron algunhas fontes ata 3.500 exemplares xa impresos estiveron supostamente *secuestrados* ata agora nos sotos da Xunta de Galicia polo cambio de cor do Goberno.

#### RETIRADA DO PRÓLOGO

Mentres que Reza prefire deixar morrer o tema e non pronunciar-se máis sobre a retirada do texto que escribira, fontes de Medio Rural aseguran que xa están a distribuír o libro. Respecto aos exemplares xa editados, a Xunta asegura que “non se tirou ningún” polo feito de ter que eliminar páxinas.

“Aos catálogos impresos se lles quitou o prólogo e volvéronse maquetar sen nada, esta é unha práctica habitual en todas as Administracións” cando cambia o partido no poder, xustifican a decisión. ■